

Obxecto:	Addenda ao Estudio de Impacto Ambiental
Proxecto:	Parque Eólico Castro Valente
Concellos:	A Estrada, Pontecesures e Valga (Pontevedra) e Padrón (Coruña)
Promotor:	Iberdrola Renovables Galicia, S.A
Remitido:	Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.
Clave:	IN408A 2020/066
Expediente:	03.I.682.2021.002 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3227/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 12.04.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación polo que se pón a disposición da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, a nova documentación achegada por Iberdrola Renovables Galicia, S.A. en relación ao Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de 17.01.2022 relativo ao parque eólico Castro Valente. Os documentos achegados son: *Addenda al Estudio de Impacto Ambiental del PE Castro Valente, abril 2022* e unha síntese do *Proyecto de metanol verde FORESA/IBERDROLA en Caldas de Reis y el PE de Castro Valente*¹.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 17.01.2022 a directora xeral de Patrimonio Cultural informa **desfavorablemente** o parque eólico Castro Valente tal e como ven deseñado nos documentos *Estudio de Impacto Ambiental del Proyecto de instalación del Parque Eólico Castro Valente, junio 2021* e *Proyecto de Interés Autonómico Parque Eólico Castro Valente, julio 2021*, dado que o deseño do proxecto non é compatible cos valores de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia.

O 07.04.2022 a directora xeral de Patrimonio Cultural mantén o informe **desfavorable** ao deseño proposto do parque eólico Castro Valente, tal e como se recolle nos documentos *Estudio de Impacto Ambiental del Proyecto de instalación del Parque Eólico Castro Valente, junio 2021*, *Proyecto de Interés Autonómico Parque Eólico Castro Valente, julio 2021* e *Respuesta al Informe emitido por la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre el Estudio de Impacto Ambiental do Parque Eólico Castro Valente (Expediente IN408A 2020/66)*. É dicir, para continuar coa súa tramitación é necesario modificar o deseño e implantación do actual proxecto eólico.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Decreto 1387/1982, de 2 de abril, polo que se declara monumento histórico artístico de carácter nacional a igrexa parroquial de Santa María de Herbón, no termo municipal de Padrón (A Coruña)* (BOE do 25.06.1982)
- *Decreto 151/2013, de 12 de setembro, polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o convento franciscano de San Antonio de Herbón, no termo municipal de Padrón, na provincia de A Coruña* (DOG núm. 183, do 25.09.2013)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia*

1. Este proxecto ten carácter estratéxico, prioritario e tractor para a produción de hidróxeno e metanol verde nas actuais instalacións de FORESA en Caldas de Reis (Pontevedra). O PE Castro Valente podería producir ata o 52,5% das necesidades dos diferentes procesos da planta de produción.



(DOG núm. 20, do 01.02.2021)

- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia* (DOG núm. 101, do 27.05.2022).
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades* (DOG núm. 126 do 04.07.2022).

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise da documentación

- Segundo o EIA informado desfavorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o parque eólico Castro Valente conta cunha potencia total de 18 MW e está formado por 4 aerogeradores de 4,5 MW de potencia unitaria, con altura de buxa de 107,5 m e 145 m de diámetro de rotor e a súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado e subestación transformadora 30/220 kV.
- O informe desfavorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural está baseado na afección directa ao elemento arqueolóxico de Castro Valente e á afección visual sobre os bens igrexa de Santa María de Herbón e convento franciscano de San Antonio de Herbón, ambos elementos declarados bens de interese cultural (BIC) por Decreto 1387/1982 e Decreto 151/2013, respectivamente.
- O escrito do promotor agora remitido baséase na colaboración que Iberdrola mantén coa empresa Foresta para o desenvolvemento urxente dun proxecto industrial innovador, con elevado compoñente tecnolóxico, de produción de metanol verde a partir de hidróxeno verde e dióxido de carbono. Este proxecto encaixaría, pola súa natureza, nas iniciativas industriais prioritarias e estratéxicas para Galicia e para que este proxecto resulte legal, ambiental, social e tecnicamente viable parece imprescindible dispor da enerxía renovable que subministrará o parque eólico Castro Valente.
- A *Addenda al EsIA del Proyecto de Instalación del PE Castro Valente, abril 2022* preséntanse co obxecto de axustar e modificar o deseño do parque para mitigar as deficiencias detectadas polo Instituto de Estudos do Territorio (IET) e pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), consta de 4 Anexos:
 - Anexo 1. *Planos*
 - Anexo 2. *Addenda Memoria del Estudio sobre el patrimonio cultural*
 - Anexo 3. *Addenda Estudio de impacto e integración paisajística*
 - Anexo 4. *Addenda Anteproyecto de restauración e integración paisajística*
- No apartado 2.2.1. *Análisis de Alternativas de proyecto* sinálase que se analizaron dúas alternativas (1 e 2). A Alternativa 1 correspóndese coa alternativa presentada anteriormente e informada pola DXPC o 17.01.2022. A Alternativa 2 é unha nova proposta deseñada ao obxecto de axustar e mitigar as deficiencias detectadas polo Instituto de Estudos do Territorio (IET) e pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC).

A Alternativa 2 elimina o aerogerador nº 3 e o seu ramal de acceso, pero para manter a potencia total unitaria de 18MW, substituirase o modelo de aerogerador, pasando do modelo SG145 de 4,5 MW de potencia nominal unitaria, altura de buxa de 107,5m e diámetro de rotor de 145m, a un modelo SG6.0-155 de 6MW de potencia nominal unitaria, con altura de buxa de 102,5m e diámetro de rotor de 155m. A altura dos aerogeradores queda igual, 200m.

Asemade, recálcase que na poligonal do parque non caben outras posicións para os aerogeradores, que as xa presentadas.

- A eliminación do aerogerador CV-03 e o seu ramal de acceso reduce ás lonxitudes totais dos viarios e da gabia de cableado. Os viarios pasan de 4.709m a 4.504m e as gabias de cableado de 8.959m a 8.127m.
- A información detallada sobre o impacto que pode sufrir o patrimonio cultural coa implantación da Alternativa 2 (a elixida) recóllese detalladamente no Anexo nº 2 da Addenda ao EsIA. De forma puntual, outros apartados deste documento recollen as conclusións xerais daquel e no Anexo nº 3, analízase o patrimonio cultural como elemento constitutivo da paisaxe.



- O Anexo nº 2 *Addenda Memoria del Estudio sobre el patrimonio cultural, abril 2022* é elaborado polo arqueólogo Cristobal Nodar Nodar da empresa ZETA Arqueoloxía. O documento é unha memoria refundida do antigo documento onde se volven a valorar as posibles afeccións sobre o patrimonio cultural en base as recentes modificacións do proxecto eólico.

No apartado 8.1. *Elementos del Patrimonio Cultural* identifícanse nunha táboa os 12 elementos do patrimonio cultural (7 de carácter arqueolóxico -todos eles xa inventariados: 2 xacementos, 4 referencias e 1 topónimo-, 4 de carácter arquitectónico e unha vía cultural) identificados na memoria inicial. A modificación introducida (eliminación do aeroxerador nº 3) non modifica a valoración dos impactos establecidos no estudo presentado con anterioridade que conclúe que non existe impacto sobre o patrimonio cultural, aínda que agora se analiza especificamente a incidencia visual sobre o Camiño de Santiago Portugués, a Igrexa de Santa María de Herbón e Convento franciscano de San Antonio de Herbón.

Soamente o *Castro Valente/A Cerca* **GA 36017048** é considerado dentro do ámbito de incidencia da obra. No apartado 9. *Evaluación de impacto* sinálase que a infraestrutura do parque eólico máis próxima a este xacemento é a zona de xiro do aeroxerador CV-04, que se sitúa a 195m ao SE do elemento no punto máis próximo e en todo caso **fóra** do ámbito de protección delimitado de maneira específica nos planeamentos municipais de Padrón e A Estrada. Asemade, sinálase que as afeccións son **indirectas** de tipo visual e paisaxístico, e en todo caso temporais e reversibles, vinculadas a vida útil do parque eólico estimada nuns 20-25 anos.

No apartado 10. *Propuesta de medidas correctoras* do devandito documento reitéranse as medidas correctoras de carácter xenérico establecidas na proposta anterior, elimínanse as medidas de carácter específico relacionadas co xacemento de Castro Valente e proponse, como novidade, unha batería de medidas compensatorias.

No subapartado 10.1 *Medidas correctoras* establécense as seguintes:

- Control e seguimento arqueolóxico das obras, sobre todo na fase de replanteo e remoción de terras.
- Comunicación con antelación suficiente ao equipo arqueolóxico encargado do control e seguimento arqueolóxico das obras da localización de zonas de provisión ou de calquera outra que non estea recollida na planimetría do proxecto.
- Revisión pormenorizada da reformulación da obra.
- Sinalización dos bens e os seus contornos de protección na cartografía de obra.
- No caso de que aparezan elementos arqueolóxicos durante as fases de reformulación e construción do proxecto, os novos xacementos balizarase con material non perecedeiro, incluíranse na cartografía de obra e prohibírase calquera tipo de remoción de terra non controlada nas inmediacións.

No subapartado 10.2 *Medidas compensatorias* a sociedade Iberdrola Renovables Galicia S.A propón, a diferenza do documento anterior, o desenvolvemento dunha serie de medidas compensatorias para corrixir o impacto da execución do proxecto. Estas medidas levaríanse a cabo trala posta en marcha da instalación ou durante o período de vida útil da mesma.

En relación co patrimonio arqueolóxico, as medidas compensatorias céntranse no xacemento *Castro Valente/A Cerca* **GA 36017048**, e concréntanse na realización de:

- Un programa anual de intervención no xacemento, con campañas de escavación que permitan o estudo detallado deste xacemento singular.
- En paralelo ao punto anterior, un programa de restauración e consolidación que permita a conservación das estruturas escavadas.
- Un programa de investigación a realizar en convenio coas universidades galegas, que permita o basculado dos resultados das actuacións arqueolóxicas para o seu estudo científico.
- Un programa de divulgación, con creación de rutas para visitas, paneis informativos, etc.

Todas estas medidas compensatorias requirirán acordo previo cos propietarios dos terreos onde se localiza o castro e quedan abertas a un deseño coordinado coa DXPC.

En relación cos BIC Igrexa de Santa María de Herbón e Convento franciscano de San Antonio de Herbón estas medidas compensatorias consisten en:

- Proxecto de mellora da iluminación interior e exterior da igrexa de Santa María de Herbón.



- Proxecto de restauración do patrimonio relixioso de interese cultural da igrexa de Santa María de Herbón e/ou convento franciscano de San Antonio de Herbón: retábulos, patrimonio moble, imaxinería...
- Proxecto de restauración de bancadas ou mobiliario da igrexa de Santa María de Herbón e/ou convento franciscano de San Antonio de Herbón.
Proxecto de restauración e/ou Xestión documental do patrimonio documental do convento franciscano de San Antonio de Herbón.

O documento do Anexo 2 conclúe que *as características das obras a executar e a súa situación con respecto aos elementos do patrimonio cultural, fai que coa aplicación das medidas correctoras oportunas as obras non supoñan ningún risco de afección sobre o Patrimonio Cultural do entorno do proxecto.*

- Dentro da nova documentación, como Anexo nº 3, preséntase a Addenda ao Estudo de Impacto e Integración Paisaxística do parque. No devandito documento sinálase que o IET solicita no seu informe que se complete a documentación tendo en conta, entre outras consideracións, que o *proxecto vai provocar un forte impacto visual sobre o Castro Valente, en contra do que dispón a directriz de paisaxe DX23 epígrafes g e i, polo que deben valorarse as oportunas medidas preventivas e/ou correctoras, tendo sempre en conta o que sinale o órgano competente en materia de patrimonio cultural.*

No apartado 2.2.4. *Identificación y análisis de elementos del Patrimonio Cultural* preséntase unha análise dos elementos patrimoniais localizados na envolvente de 5km arredor da infraestrutura eólica, entre os elementos a considerar sinálase os recollidos no estudo patrimonial.

A continuación, no apartado 4.2. *Impacto sobre el paisaje: impacto visual* analízase o patrimonio cultural, como un dos elementos da paisaxe, cualificando o impacto visual sobre o mesmo como moderado e remarcando que aínda que os aeroxeradores serán visibles dende diferentes puntos dentro da envolvente de 5 e 10km entorno ás instalacións, a vexetación existente no ámbito de protección do xacemento *Castro Valente/A Cerca GA 36017048*, amortiguará o posible impacto e actuará como apantallamento dificultando a accesibilidade visual das instalacións proxectadas; para corroborar o sinalado preséntase un amplo reportaxe de fotogrametría con modelizacións das infraestruturas eólicas no seu entorno. Sobre o camiño de Santiago, que discorre a máis de 3 km de distancia, inclúense fotomontaxes nas que se pode comprobar que os aeroxeradores apenas son perceptibles polo que se valora o impacto como compatible. Respecto aos BIC igrexa de Santa María de Herbón e convento franciscano de San Antonio de Herbón, situados a menos de 2 km, inclúense fotomontaxes desde os puntos onde se prevé maior afección visual e valórase o impacto como compatible, debido á distancia existente e que os aeroxeradores non serán visibles desde a totalidade do contornos dos BIC.

Unha vez analizados os documentos, pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e coa información extraída do EsIA do PE Castro Valente constátase que dentro da poligonal do parque e na súa contorna **existen bens** do patrimonio cultural que se ven **afectados** polas obras de implantación do parque eólico.
- *A priori*, tal e como se recolle na documentación presentada a principal afección ao patrimonio arqueolóxico prodúcese na fase de explotación do mesmo, de forma indirecta e vinculada a *Castro Valente/A Cerca GA 36017048*. Este elemento sofre afeccións de tipo visual e paisaxístico, que unicamente poden ser corrixidas modificando as posicións dos aeroxeradores ou eliminando as máquinas; calquera outra medida resulta ineficaz dado a altura dos aeroxeradores (200m) e que o apantallamento vexetal resultaría incompatible con preservar os valores panorámicos do castro. A alternativa presentada supón unha mellora considerable a este respecto, pois a eliminación do aeroxerador CV-03 e o seu ramal de acceso evita a destrución do camiño de acceso ao xacemento e a alteración dunha das concas visuais máis definidoras e interesantes do elemento, como é o control visual que ten sobre o río Ulla e a ría de Arousa; tamén se favorece, na medida do posible, a comprensión territorial do xacemento e se evita a distorsión do seu valor histórico dentro da PAISAXE.
- Como novidade, propónse o desenvolvemento de diferentes medidas compensatorias. Polo que



atinxe ao patrimonio arqueolóxico estas céntranse nun programa de investigación e posta en valor do *Castro Valente*. Tendo en conta o uso actual dos terreos e as graves alteracións derivadas do mesmo (devasas, camiños forestais,...) que se constatan a miúdo, considerase imprescindible que o programa inclúa unha proposta de xestión da masa forestal que cubre o xacemento pero tamén o seu contorno de protección co obxectivo de conseguir unha protección integral do xacemento e unha paisaxe de calidade.

- En xeral, a nova documentación **cumpre** cos requirimentos establecidos no informe de 17.01.2022. da DXPC no referente aos bens arqueolóxicos. Con todo é necesario ter en conta a natureza do rexistro arqueolóxico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia de bens ou restos de interese arqueolóxico non detectados ate o de agora, que aínda non estean recollidos nos inventarios son susceptibles de protección por configuraren a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio.
- No contorno do parque eólico cabe destacar a **igrexia de Santa María de Herbón** (Padrón) a pouco máis dun km e o **convento franciscano de San Antonio de Herbón** a menos de 2 km, ambos elementos declarados bens de interese cultural (BIC) por Decreto 1387/1982 e Decreto 151/2013, respectivamente. O contorno de protección delimitado para ambos bens forma un perímetro conxunto que se estende ata o río Ulla na denominada Agra de Longara, unha paraxe de gran beleza natural ao carón do río e bordeada por un amplo conxunto de ladeiras empinadas cara ao leste e oeste. Os bens manteñen unha especial e constante relación visual co Castro Valente, onde se pretenden implantar as infraestruturas eólicas.
- Os aeroxeradores do parque eólico Castro Valente, cunha importante presenza e dominación visual na zona, son especialmente visibles desde os dous BIC, a igrexa románica de Santa María de Herbón e o convento de Herbón, e desde o seu contorno, tal como se aprecia nas fotomontaxes incluídos nos anexos 2 e 3 da documentación remitida.
- O promotor non propón medidas correctoras para mitigar o impacto visual das máquinas na percepción e contemplación dos monumentos, en compensación propón un plan de medidas consistente na execución dunha serie de proxectos de mellora e restauración a desenvolver nos elementos BIC.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural infórmase **favorablemente** a nova proposta de deseño do parque eólico Castro Valente, co cumprimento das medidas correctoras e compensatorias, propostas no Anexo nº 2 Addenda Memoria del Estudio sobre el patrimonio cultural, abril 2022 e debéndose, en todo caso, ter en conta os seguintes condicionantes:

- É necesario a realización do **control e seguimento arqueolóxico** das obras de replanteo, execución de obra e restitución dos terreos, do parque eólico. A tal fin, e previo ao inicio das mesmas, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). No devandito proxecto recolleranse tódalas medidas correctoras e compensatorias establecidas na documentación remitida e as derivadas das consideracións que se fan no presente informe. Rematada a totalidade das obras, certificarase o estado final dos elementos arqueolóxicos.
- Antes do inicio das obras do parque eólico presentaranse os correspondentes proxectos indicados nas medidas compensatorias propostas no subapartado 10.2 do citado Anexo 2, que deberán ser consensuados pola DXPC, para obter as correspondentes autorizacións por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e demais organismos competentes. O promotor contará cun prazo de execución dun máximo de catro anos para rematar as obras dos ditos proxectos, a contar a partir da data de sinatura da acta de replanteo das obras do parque eólico.



- Como complemento das medidas compensatorias propostas incluírase ademais un proxecto de mellora ambiental e paisaxística do adro da igrexa de Santa María de Herbón que procure a corrección dos impactos existentes e mitigue o impacto visual dos aeroxeradores sobre o BIC.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

SERVIZO DE ENERXÍAS RENOVABLES E EFICIENCIA ENERXÉTICA DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
Servizo de Arquitectura
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 3 - 2º
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 584

*Parque eólico Castro Valente
Padrón (A Coruña) e A Estrada (Pontevedra)
Resposta do promotor ao informe da DXPC sobre
o Estudo de impacto ambiental e Proxecto de interese autonómico*

